



\_\_\_\_\_

APELIDOS, NOME

\_\_\_\_\_

D.N.I.

## AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE  
TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.  
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: M.E. HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA **PARTE ESPECÍFICA**

### ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
- Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 110.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

**- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.**

**- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.**

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. Todos os requisitos da norma ISO de sistemas de xestión da calidade son xenéricos e preténdese que sexan aplicables a todas as organizacións, sen importar:

- A) O seu tipo.
- B) O seu tamaño.
- C) O seu produto subministrado.
- D) Todas as anteriores son correctas.

2. Ante un plan de colecta urxente por unha situación de crise, sinala cal dos seguintes aspectos é esencial:

- A) Planificar os límites máximos da colecta.
- B) Planificar a actuación coas campañas de doazón programada postas en marcha.
- C) Planificar a actuación cos doadores excedentarios.
- D) Todas as respostas son correctas.

3. O Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, regula a xestión de residuos sanitarios en Galicia. Sinala que residuo queda excluído do ámbito de aplicación do devandito decreto:

- A) Residuos de cultivos ou reservas de axentes infecciosos e material de refugallo en contacto con eles.
- B) Residuos de citotóxicos e citostáticos.
- C) Residuos sanitarios non perigosos clase I (residuos domésticos).
- D) Residuos radioactivos.

4. Sinala a resposta falsa respecto dos compoñentes sanguíneos (CS) que probablemente serán máis necesarios en cada un dos períodos seguintes a unha catástrofe externa que xera unha necesidade súbita de CS moi superior á normal:

- A) Nas primeiras 24 horas, concentrados de hemacias.
- B) Entre os días primeiro e décimo, concentrados de hemacias e plasma.
- C) Entre os días décimo primeiro e trixésimo, concentrados de hemacias e plaquetas
- D) O número de concentrados de hemacias necesarios pode estimarse multiplicando por 3 o número de admisións hospitalarias esperadas relacionadas coa catástrofe.

5. Temos un paciente do grupo B Rh (D) positivo que precisa transfusión de plasma fresco conxelado, pero non dispoñemos de plasma isogrupo. Neste caso, o compoñente de elección para lle transfundir sería:

- A) Plasma fresco conxelado do grupo O, Rh (D) positivo.
- B) Plasma fresco conxelado do grupo AB, Rh (D) negativo.
- C) Plasma fresco conxelado do grupo A, Rh (D) negativo.
- D) Plasma fresco conxelado do grupo O, Rh (D) negativo.

6. O compoñente sanguíneo máis efectivo para o tratamento da hipofibrinopenemia é:

- A) Plasma fresco conxelado.
- B) Crioprecipitado.
- C) Concentrados de plaquetas.
- D) Concentrados de hemacias.

7. Sinale a resposta correcta das seguintes afirmacións:

- A) O centro de transfusión reterá, obrigatoriamente, os segmentos de unidades de concentrado de hemacias durante 5 días despois da súa data de caducidade.
- B) A presenza de hemólise, por inspección visual, no segmento dunha unidade de concentrado de hemacias impide a súa distribución.
- C) O plasma fresco en corentena non se distribuirá antes de 6 meses.
- D) Un compoñente sanguíneo que non se axuste ás normas esixidas na lexislación vixente poderá distribuírse só en circunstancias excepcionais.

8. Recoméndase a transfusión terapéutica de plaquetas en caso de:

- A) Hemorragia (grao 3 ou 4) con reconto plaquetario inferior a  $50 \times 10^9/l$ , en ausencia doutros defectos funcionais.
- B) Existencia dunha alteración cualitativa da actividade plaquetaria e que o paciente presente unha hemorragia atribuíble ao defecto plaquetario.
- C) Paciente politraumatizado con recontos inferiores a  $75 \times 10^9/l$ .
- D) Todas as respostas son correctas.

9. Segundo os criterios recollidos nos estándares de transfusión sanguínea (CAT) e respecto dos requisitos requiridos nos controis de calidade dos seguintes compoñentes sanguíneos, sinale a resposta verdadeira:

- A) Hemacias leucodeplecionadas en solución aditiva hemoglobina maior ou igual a 43 g/U.
- B) Hemacias sen capa leucoplaquetaria leucocitos inferior a  $1 \times 10^9/U$  (90 % das unidades).
- C) Plaquetas recuperadas, unidade, leucocitos tras filtración inferior a  $0,2 \times 10^6/U$  (90 % das unidades).
- D) Plasma fresco conxelado proteínas totais superior a 40 g/l.

10. En relación coas funcións que ten o persoal asignado a unha colecta de sangue, sinale a resposta correcta:

- A) Selección do doador, extracción, atención posdoazón.
- B) Recepción do doador, extracción, atención posdoazón e transporte de compoñentes.
- C) Recepción do doador, selección do doador, extracción, atención posdoazón e transporte de compoñentes.
- D) Recepción do doador, selección do doador, extracción e transporte de compoñentes.

11. A todas as doazóns se lles realizarán unhas probas de escrutinio inicial para a detección de axentes infecciosos, de tal modo que a doazón cunha proba de cribado inicial reactivo ou dubidoso non será eliminada cando, ao repetir por duplicado a mesma proba seguindo a mesma metodoloxía, os resultados obtidos sexan:

- A) Un dos resultados sexa reactivo e o outro negativo.
- B) Un dos resultados sexa dubidoso e o outro negativo.
- C) Os dous resultados sexan negativos.
- D) Un dos resultados sexa dubidoso e o outro positivo.

12. Indique a resposta correcta en relación coas ventás en Windows 7:

- A) Unha ventá é un recadro que se abre con cada aplicación, o que nos permite ter varias aplicacións funcionando á vez e ir cambiando dunha a outra, mostrando ou ocultando as súas ventás.
- B) seu tamaño pódese maximizar, minimizar e redimensionar manualmente, situándonos en calquera bordo e arrastrando.
- C) Pódense organizar de distintas maneiras: en ferverza, empiladas, en paralelo.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

13. O acetato de desmopresina (DDAVP) é efectivo como único tratamento:

- A) Na hemofilia A severa.
- B) Na hemofilia B leve e moderada.
- C) Na hemofilia A e na enfermidade de Von Willebrand leves.
- D) Na enfermidade de Von Willebrand tipo 3.

14. Respecto da púrpura trombocitopénica postransfusional (PPT), sinala a resposta falsa:

- A) O cadro clínico é de instauración brusca e caracterízase por trombocitopenia grave con tendencia á diátese hemorráxica.
- B) A transfusión de plaquetas HPA-1a negativas evita a recorrencia do cadro en transfusións posteriores.
- C) Todos os compoñentes sanguíneos poden desencadear esta complicación.
- D) A autooazón, se é posible realizala, é unha opción para considerar en posteriores transfusións.

15. Entre as seguintes afirmacións, indique cales se poden considerar indicadores de rendemento das actividades de captación de doadores:

- A) Número de novos doadores rexistrados nun ano determinado.
- B) Porcentaxe de novos doadores rexistrados sobre o total de doadores nun ano determinado.
- C) Custo de captación, rexistro e invitación por cada novo doador.
- D) Todas as anteriores son correctas.

16. En canto á criopreservación das unidades de sangue de cordón umbilical, non é certo:

- A) As unidades criopreservaranse sempre usando unha conxelación controlada.
- B) Nas criopreservación utilizaranse bolsas adecuadas para esta.
- C) Os contedores onde se almacenan as unidades deben de ser validados para as temperaturas definidas para a criopreservación.
- D) Habitualmente a substancia crioprotectora utilizada é DMSO ao 10 %.

17. En relación coa utilización de recuperación perioperatoria de sangue autóloga en cirurxía, sinala a indicación onde a evidencia científica é de máis baixa calidade:

- A) Intervención traumatismo abdominal.
- B) Artroplastia de cadeira e xeonllo.
- C) Reparación de aneurisma aórtico abdominal.
- D) Cirurxía cardíaca con circulación extracorpórea (CEC).

**18.** Respecto das alternativas á transfusión sanguínea aloxénica non farmacolóxicas, sinala a resposta correcta:

- A) Recoméndase (grao de recomendación IA) o uso de doazón preoperatoria de sangue autóloga en procedementos electivos de cirurxía cardíaca baixo circulación extracorpórea en adultos:
- B) A doazón preoperatoria de sangue autóloga está recomendada en procedementos que xeralmente requiren dúas unidades de sangue.
- C) A hemodilución aguda normovolémica ten unha elevada eficacia na diminución da taxa transfusional.
- D) En pacientes sometidos a cirurxía cardíaca, a hemodilución aguda normovolémica asociouse cun incremento das taxas de fracaso renal en adultos e con alteracións do desenvolvemento psicomotor en nenos.

**19.** Respecto dos requirimentos específicos posprocesamento para a criopreservación de unidades de sangue de cordón umbilical para uso clínico en transplante emparentado e segundo criterios NetCord-FACT International Standards , sinala a resposta correcta:

- A) Recuperación de células nucleadas totais superior ou igual ao 50 %.
- B) Viabilidade total superior ou igual ao 70 %.
- C) Viabilidade de células CD34 superior ou igual ao 75 %.
- D) Viabilidade de células CD45 superior ou igual ao 30 %.

**20.** En canto á hemorraxia masiva, unha das seguintes premisas é falsa:

- A) O manexo da hemorraxia masiva require un traballo en equipo, rápido e multidisciplinar.
- B) O primeiro requirimento do manexo da hemorraxia masiva é a reposición de volume con hemacias, plasma e plaquetas.
- C) A acidose metabólica inflúe negativamente na instauración e perpetuación da coagulopatía asociada á hemorraxia masiva.
- D) Non hai un acordo unánime en relación coa composición dos paquetes hemostáticos, pero a tendencia actual é que a proporción sexa 1-1-1, é dicir, 1 unidade de hemacias, 1 unidade de plasma e 1 unidade de plaquetas.

**21.** Nun neonato que presenta unha proba antiglobulina directa positiva en mostra de cordón umbilical e que a nai presenta escrutinio de anticorpos irregulares negativo, deberían exporse como causas todas as seguintes excepto:

- A) Incompatibilidade ABO maternofetal.
- B) Administración antenatal de gammaglobulina anti-D.
- C) Presenza dun anticorpo materno fronte a un antíxeno de alta incidencia.
- D) Positividade falsa debido á presenza de xelatina de Wharton.

**22.** Respecto da enfermidade hemolítica fetal/neonato (EHFRN), sinala a afirmación verdadeira:

- A) A pesar da profilaxe con gammaglobulina, no noso medio a incompatibilidade Rh (D) segue sendo a causa máis frecuente de EHFRN.
- B) A aloinmunización Rh máis frecuente é fronte ao antíxeno D e séguela en frecuencia a aloinmunización fronte ao antíxeno C.
- C) A presenza de incompatibilidade ABO fetomaterna incrementa a frecuencia de aloinmunización fronte ao antíxeno D nun 1,5-2 %.
- D) A incidencia de EHFRN por incompatibilidade ABO é máis elevada na poboación africana ca na caucásica.

**23.** De acordo cos estándares de calidade, nas probas pretransfusionais o procedemento de tipaxe e escrutinio de anticorpos irregulares eritrocitarios empregados deberá cumprir todos excepto un dos seguintes requisitos:

- A)** Se o procedemento está validado e se realizan controis internos a intervalos establecidos por cada centro, non son necesarios controis diarios.
- B)** As células empregadas no escrutinio presentan todos os antixenos, preferiblemente en forma homocigota, correspondentes á ampla maioría de anticorpos clinicamente significativos.
- C)** As probas de detección de anticorpos irregulares eritrocitarios son o suficientemente sensibles como para garantir a detección de anticorpos clinicamente significativos, como a proba de antiglobulina.
- D)** En ausencia de anticorpos irregulares eritrocitarios na mostra pretransfusional analizada e nos rexistros históricos, pódese substituír a proba cruzada pola proba de tipaxe e escrutinio de anticorpos irregulares e unha proba de compatibilidade ABO.

**24.** Entre as técnicas adicionais para a identificación dos anticorpos irregulares está a de neutralización por medio de antixenos solubles. Respecto da fonte da correspondente substancia neutralizadora, sinala a falsa:

- A)** Flúido quiste hidatídico; clara de ovo para anti-I.
- B)** Soro ao plasma para anti-Chido/Rodgers.
- C)** Saliva para anti-Lewis.
- D)** Ouriños para anti-Sda.

**25.** Segundo os criterios NetCord-FACT International Standards e respecto do consentimento informado na doazón de sangue de cordón umbilical, sinala a afirmación correcta:

- A)** Pode obterse durante o embarazo ou durante o traballo de parto.
- B)** Nos casos de maternidade subrogada, obtérase da nai xenética e non da subrogada.
- C)** A información incluírá, como mínimo, as condicións do procedemento de obtención, procesamento, almacenamento e probas analíticas que hai que realizar.
- D)** Os membros da familia poden exercer de intérprete ou tradutor coa nai se fose necesario.

**26.** Non se considera un criterio de exclusión para a doazón de sangue de cordón umbilical:

- A)** Enfermidades autoinmunes na nai.
- B)** Antecedente de vivir no Reino Unido entre os anos 1980 e 1996 por un período acumulado de 6 meses.
- C)** Transplante de córnea á nai.
- D)** Antecedentes de transfusión en países endémicos para Chagas, paludismo, sida ou HTLV.

27. Unha unidade de concentrado de hemacias é enviada a unha planta de hospitalización, pero é devolta sen ser transfundida. Canto tempo pode permanecer o concentrado de hemacias fóra da neveira de refrixeración con temperatura controlada para poder ser admitida de novo no stock de unidades dispoñibles para transfusión?

- A) 30 minutos.
- B) 1 hora.
- C) 4 horas.
- D) 6 horas.

28. Previamente á criopreservación da unidade de sangue de cordón umbilical recolleranse dela un mínimo de mostras que reunirán unhas condicións determinadas. Sinale a resposta verdadeira respecto das devanditas condicións recollidas en NetCord-FACT International Standards:

- A) Volume mínimo de polo menos 300 µl divididas en dous segmentos.
- B) Mínimo total de  $1 \times 10^6$  e 6 células nucleadas divididas en dúas vías ou segmentos.
- C) Volume de plasma mínimo de 3,6 ml da unidade dividido polo menos en dúas vías.
- D) Material para poder obter polo menos 75 µg DNA xenómico.

29. O Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, que regula a xestión de residuos sanitarios en Galicia, especifica que os produtores de residuos sanitarios terán que cumprir cos seguintes deberes excepto:

- A) Comunicar a actividade se xeran máis de 25 quilos/ano de residuos sanitarios perigosos.
- B) Elaborar un plan de xestión intracentro se xeran 500 quilos/ano de residuos sanitarios non perigosos.
- C) Levar un libro-rexistro de produción de residuos sanitarios.
- D) Realizar un estudo de minimización de residuos.

30. Sinale a resposta correcta respecto do uso de eritropoietina (EPO ) preoperatoria:

- A) Non debe asociarse con ferro, xa que este inhibe a súa función.
- B) A súa indicación básica é a cirurxía ortopédica programada con previsión de perda hemática importante e cunha cifra de Hbg previa entre 10-13 g/dl.
- C) Os pacientes que van someterse a cirurxía cardíaca programada deben ir sempre nun réxime de tratamento con EPO.
- D) O obxectivo desta terapia é alcanzar cifras de Hbg preoperatoria de 15 g/dl para así minimizar o risco de transfusión de sangue aloxénica.

31. Unha das seguintes non se considera unha fase do proceso de validación:

- A) Selección de persoa responsable de validación allea á área onde se leva a cabo a validación.
- B) Identificación dos requisitos.
- C) Documentación.
- D) Pianificación.

32. Entre os controis de calidade das unidades de sangue de cordón umbilical criopreservadas non se inclúe:
- A) Número total de células nucleadas.
  - B) Número total de células CD34+.
  - C) Estudo HLA de clase I e II.
  - D) Resultados microbiolóxicos pero non ensaios clonoxénicos, como o número total e CFU.
33. De acordo coas guías actuais de transfusión, recoméndase a transfusión de compoñentes sanguíneos irradiados en todos os casos seguintes excepto en:
- A) Síndromes de inmunodeficiencia severa de linfocitos T.
  - B) En receptores de transplante de proxenitores hematopoéticos aloxénicos desde o inicio do acondicionamento con quimioterapia.
  - C) Todos os neonatos prematuros de baixo peso.
  - D) Pacientes a tratamento con fármacos análogos das purinas.
34. O proceso de xestión dun plan de continxencia para situacións de urxencia consta de catro etapas. Sinala a resposta falsa respecto dalgunha delas:
- A) A etapa de mitigación é o método máis rendible para reducir os efectos dos riscos.
  - B) Na etapa de mitigación as medidas que se adoptarán céntranse en medidas a curto prazo para reducir ou eliminar o risco.
  - C) A etapa de preparación abarca un plan de resposta deseñado, se é posible, de maneira xenérica e flexible.
  - D) A activación do plan de resposta é un proceso gradual.
35. Hoxe en día, o método de elección para a produción de concentrado de hemacias leucorreducidas é:
- A) Filtrado mediante filtros de leucorredución.
  - B) Irradiación.
  - C) Centrifugación.
  - D) Lavado.
36. Dos seguintes anticorpos, sinala o que ten máis significancia clínica:
- A) Anti-Drombrock.
  - B) Anti-Chido/Rogers.
  - C) Anti-Xg.
  - D) Anti-Scianna.
37. Para descartar a existencia dun anticorpo con especificidade anti-I no soro dun paciente enfrontaríao a:
- A) Hemacias dun individuo san adulto.
  - B) Células de cordón.
  - C) Hemacias con fenotipo Oh Bombai.
  - D) Hemacias Lea+ e Leb+.

- 38.** Respecto do impacto dos desastres externos nun centro de transfusión, sinale a resposta falsa:
- A) Estímase que unha pandemia gripal determinará unha diminución temporal na demanda de concentrados de hemacias nun 10-25 %.
  - B) As catástrofes xeolóxicas adoitan causar unha necesidade inmediata de compoñentes sanguíneos.
  - C) As ondas de calor provocan escaseza de compoñentes sanguíneos.
  - D) Se un incendio afecta ao centro de transfusión, os compoñentes sanguíneos serán postos en corentena ata que se poida determinar a súa seguridade.
- 39.** Segundo as guías actuais da transfusión, suxírese administrar compoñentes sanguíneos irradiados nos seguintes casos:
- A) Pacientes tratados con antagonistas das purinas.
  - B) Pacientes con anemia aplásica tratados con gammaglobulina antitimocítica (ATG) e/ou alemtuzumab.
  - C) Pacientes con enfermidade enxerto contra hóspede crónica (EICH crónica).
  - D) Todas son correctas.
- 40.** Sinale a resposta falsa das seguintes afirmacións:
- A) No neonato atópase desenvolvido o antíxeno i (Ag.i) pero apenas se detecta o antíxeno I (Ag.I).
  - B) Na identificación de anticorpos, aqueles dirixidos contra o sistema MNS, Kidd e Duffy manifestan efecto de dose.
  - C) Os encimas proteolíticos reducen a expresión dos antíxenos Duffy, MNS e Xga e incrementan a expresión dos antíxenos Lewis e Kidd.
  - D) A presenza dun anticorpo dirixido contra antíxeno do sistema Rh indica aloinmunización xa que non se presentan de maneira natural.
- 41.** Sinale a resposta falsa sobre a validación dun novo equipo:
- A) Débese validar non só o novo equipo senón tamén os cambios significativos nos procesos ou nas instalacións.
  - B) O proceso de validación debe quedar documentado.
  - C) A validación debe facerse idealmente cando o equipo xa está a funcionar en condicións reais e integradas nos procesos de rutina do centro de transfusión.
  - D) O centro de transfusión debe dispoñer dun procedemento de validación no seu sistema de xestión de calidade.
- 42.** Respecto do procesamento do sangue de cordón umbilical e segundo os criterios de NetCord-FACT International Standards, sinale a resposta falsa:
- A) A criopreservación das unidades destinadas a uso aloxénico non emparentado iniciárase nas primeiras 48 horas despois da súa recollida.
  - B) A criopreservación das unidades destinadas a uso aloxénico emparentado iniciárase nas primeiras 72 horas despois da súa recollida.
  - C) O procesamento realizarase de forma inequívoca nun sistema pechado.
  - D) Na etiquetaxe de produto, unha vez finalizado o procesamento e previamente á súa criopreservación, constará información sobre a temperatura recomendada de almacenamento.

43. Sinale a resposta falsa respecto da lesión pulmonar aguda relacionada coa transfusión (LPART):
- A) A presión de oclusión da arteria pulmonar é baixa.
  - B) Non está indicado o tratamento con diuréticos.
  - C) A ausencia de anticorpos con especificidade anti-HLA ou contra antíxenos específicos de neutrófilos no plasma do doador e do receptor exclúe o seu diagnóstico.
  - D) As especificidades dos anticorpos anti-HLA atopadas con maior frecuencia son HLA-A2, DR4 e DR52.
44. As mostras pretransfusionais e das unidades transfundidas conservaranse refrixeradas durante:
- A) 3 días.
  - B) 7 días.
  - C) 14 días.
  - D) 5 días.
45. Cal das seguintes afirmacións con respecto á irradiación dos concretados de granulocitos é correcta?
- A) Asíciase a un descenso da función dos granulocitos, por iso non está indicada a irradiación dos granulocitos en todos os casos.
  - B) A irradiación inactiva ao CMV, o cal pode estar presente nos granulocitos.
  - C) A irradiación prevén a enfermidade de enxerto contra hóspede asociada á transfusión.
  - D) A irradiación prevén da aloimunización fronte a antíxenos HLA.
46. O sistema de autoclave para o proceso de esterilización dos residuos sanitarios biocontaminados deberá cumprir os requisitos técnicos seguintes excepto que:
- A) Utilizará autoclaves de baleiro, cun mínimo de dúas fases: baleiro-vapor-baleiro.
  - B) Empregará vapor saturado e insaturado.
  - C) Unicamente poderán utilizarse envases pechados hermeticamente se conteñen líquidos.
  - D) O nivel de enchido da cámara de carga da autoclave será inferior aos dous terzos da súa capacidade total.
47. A alta dirección debe asegurarse de que a política de calidade:
- A) Sexa adecuada ao propósito da organización.
  - B) Inclúa un compromiso de cumprir cos requisitos aplicables.
  - C) Proporcione un marco de referencia para establecer os obxectivos.
  - D) Todas as anteriores son correctas.
48. Cal dos seguintes anticorpos é menos probable que sexa un anticorpo inmune de tipo natural?
- A) Anti-D.
  - B) Anti-M.
  - C) Anti-Leb.
  - D) Anti-I.

49. Recoméndase transfundir os granulocitos:
- A) Preferiblemente antes de 6 horas tras a súa obtención e irradiación.
  - B) Dentro das primeiras 24 horas tras a súa extracción se se almacenan en axitación continua.
  - C) Preferiblemente antes de 12 horas tras a súa extracción.
  - D) Preferiblemente entre as 6 e 12 horas tras a súa extracción e irradiación.
50. Cal dos seguintes doadores é elixible para unha doazón de sangue total?
- A) Muller de 25 anos, con tensión arterial (TA) de 150/80 mmHg, frecuencia cardíaca (FC) 80 lpm, hemoglobina 12,5 g/dl, temperatura (T<sup>a</sup>) 37 °C.
  - B) Home de 18 anos, con TA de 130/70 mmHg, FC 90 lpm, hemoglobina 14 g/dl, T<sup>a</sup> 37 °C.
  - C) Muller de 66 anos, con TA de 120/40 mmHg, FC 72 lpm, hemoglobina 12,5 g/dl, T<sup>a</sup> 37,5 °C.
  - D) Muller de 35 anos, con TA de 175/100 mmHg, FC 86 lpm, hemoglobina 11 g/dl, T<sup>a</sup> 36 °C.
51. Respecto dos requirimentos específicos posprocesamento para a criopreservación de unidades de sangue de cordón umbilical para uso clínico en transplante non emparentado e segundo criterios NetCord-FACT International Standards , sinale a resposta correcta:
- A) Número total de células nucleadas superior ou igual a  $5 \times 10^8$ .
  - B) Viabilidade de células CD34 superior ou igual ao 75 %.
  - C) Número total de CD34 viables superior ou igual a  $1,50 \times 10^6$ .
  - D) Viabilidade de células CD45 superior ou igual ao 30 %.
52. Con respecto á promoción da doazón de sangue, son certas todas as premisas excepto:
- A) As entidades que pretendan desenvolver calquera actividade de promoción e publicidade de apoio deberán solicitar a autorización previa das administracións sanitarias competentes.
  - B) A existencia e/ou persistencia de publicidade e promoción falsa, enganosa ou tendenciosa será incompatible coa autorización de actividades de obtención, preservación, procesamento, distribución ou aplicación de células e tecidos en España por parte do centro, institución, unidade ou establecemento.
  - C) A promoción e publicidade da doazón ou obtención de tecidos ou células humanos farase sempre de forma xeral e, en caso de necesitalo para unha persoa concreta, poderase implantar a campaña.
  - D) procedemento para resolver sobre a autorización ou denegación do desenvolvemento das devanditas actividades rexerase polo establecido na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
53. Podemos considerar que é unha vantaxe teórica asociada á transfusión de poolas de plaquetas de mestura obtidas de doazóns de sangue total e non á transfusión de poolas de plaquetas procedentes de aféreses:
- A) O menor risco de reacción transfusional por contaminacións bacterianas da unidade.
  - B) O menor risco de lesión pulmonar asociada coa transfusión (LPAT ou TRALI).
  - C) O menor risco de aloinmunización por transfusión.
  - D) Todas son vantaxes dos poolas de plaquetas de mestura en comparación cos poolas de plaquetas de aféreses.

54. O aumento da concentración media corpuscular de hemoglobina (CHCM) nun paciente con anemia débenos facer sospeitar:

- A) Esferocitose hereditaria.
- B) Talasemia.
- C) Hemoglobinuria paroxística nocturna.
- D) Anemia sideroblástica.

55. Respecto da etiquetaxe de concentrado de hemacias, os criterios nos estándares de transfusión sanguínea (CAT) requiren unha información que non é requirida nas recomendacións EDQM /Council Europe. Cal é?

- A) Instrucións sobre a utilización do compoñente sanguíneo.
- B) Resultado das probas de detección dos axentes infecciosos.
- C) Nome da solución anticoagulante.
- D) Nome e volume da solución aditiva.

56. Home de 20 anos que presenta unha tose produtiva, dor de cabeza e febre duns 7-10 días de duración polo que acode a urxencias. Na anamnese refire que hai 3 días comezou a notar dor na zona torácica e dispnea de moderados esforzos, así como urina máis escura. A súa nai tamén refire que lle nota os ollos máis amarelos. As analíticas realizadas mostran unha hemoglobina de 7 g/dl con  $60\ 000 \times 10^3$  leucocitos/microl, con recontos plaquetarios normais. O frotis de sangue periférico confirma a leucocitose con desviación esquerda, sen outras alteracións morfolóxicas e a radiografía de tórax mostra infiltrados pulmonares bilaterais. Nas probas pretransfusionais realizadas obxectívase escrutinio de anticorpos irregulares negativos con test de antiglobulina directo positivo de tipo C3d e na determinación do grupo ABO obxectívase discrepancia hemático-sérica. O anticorpo que máis probablemente cause esta anemia terá especificidade:

- A) Anti-Fya.
- B) Anti-HI.
- C) Anti-I.
- D) Anti-i.

57. En relación coas funcións do persoal asignado a unha colecta de sangue, sinale a resposta falsa:

- A) A Directiva 2004/33/CE non define especificamente o número de persoas que deben asignarse a unha colecta de sangue.
- B) A Directiva 2004/33/CE esixe que a avaliación da aptitude física do doador a realice un médico.
- C) Unha vantaxe da metodoloxía de destrezas combinadas no persoal é que os empregados son máis conscientes do fluxo de traballo.
- D) Defínense claramente as funcións de cada persoa e designarase un responsable da sesión.

58. "Notas rápidas" en Windows:

- A) É unha aplicación á que se accede a través do menú Inicio>Todos os programas>Accesorios>Notas rápidas.
- B) Serven para escribir anotacións "ao estilo post it".
- C) O símbolo + que parece na parte superior esquerda da nota serve para crear unha nova nota.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

59. En cada procedemento de doazón, aconséllase o rexistro de:
- A) Identificación do doador e persoa que realiza o proceso.
  - B) Marca e lote do equipo de aférese, así como separador empregado para a realización do proceso.
  - C) Anticoagulante usado (tipo e volume).
  - D) Todas as opcións anteriores son correctas.
60. En cumprimento da Lei 9/2014, acompañando a solicitude de importación e exportación remitírase, no caso de importación, un certificado no que non é preciso que conste:
- A) Un informe técnico documentado no que conste que o tecido, células ou a forma en que se procesou son imprescindibles para o procedemento terapéutico que se vai aplicar.
  - B) Unha memoria do establecemento de tecidos de orixe onde figuren as avaliacións e estudos realizados, en consonancia co establecido nesta lei en canto á avaliación e selección do doador.
  - C) Unha memoria técnica onde figuren as razóns médicas que xustifiquen a entrada de tecidos e/ou células, cando este sexa o motivo da importación.
  - D) Documentación relativa á institución de orixe onde consten as garantías éticas e sanitarias que se observan.
61. De acordo coas guías actuais de práctica transfusional, non se recomenda a transfusión de plasma:
- A) Como tratamento da hipovolemia en caso de hemorraxia masiva.
  - B) Como substituto das inmunoglobulinas.
  - C) Como tratamento de episodios hemorráxicos inducidos por fármacos antagonistas da vitamina K cando estes pacientes vaian ser intervídos de urxencia e non se dispoña de complexo protrombínico ou este estea contraindicado.
  - D) As respostas A e B.
62. Das seguintes definicións, sinala a resposta correcta:
- A) Esterilización: procedemento que consiste na eliminación de microorganismos por medios mecánicos, físicos e químicos.
  - B) Asepsia: proceso de destrución dos microorganismos mediante medios físicos ou químicos.
  - C) Desinfección: conxunto de medidas e procedementos que impiden a chegada de microorganismos a un medio, en especial mediante medios físicos.
  - D) Antisepsia: conxunto de procedementos e prácticas destinadas a afastar ou destruír os microorganismos patóxenos, en especial mediante medios químicos.
63. Os concentrados de granulocitos deben ser almacenados:
- A) T<sup>a</sup> 1-6 °C sen axitación.
  - B) T<sup>a</sup> 1-6 °C con axitación continua.
  - C) T<sup>a</sup> 20-24 °C sen axitación
  - D) T<sup>a</sup> 20-24 °C con axitación continua.

64. Con cal das seguintes situacións clínicas están relacionados os anticorpos anti-HLA?
- A) Reacción transfusional hemolítica aguda.
  - B) Reacción alérxica transfusional.
  - C) Lesión pulmonar asociada á transfusión (LPART ou TRALI).
  - D) Reacción hemolítica retardada postransfusional.
65. No estudo pretransfusional dun home de 74 anos con LLC obsérvase unha discrepancia hemático-sérica, sendo a nivel hemático A e a nivel sérico AB. O escrutinio de anticorpos irregulares e o test de aglutinación directa son negativos. Realízase de novo o grupo sérico tras incubación a 4 °C, 30 minutos, e obxectívase reactividade coas células B. Esta discrepancia hemático-sérica posiblemente sexa debida a:
- A) Erro técnico do autoanalyzer.
  - B) Isoaglutininas a título baixo.
  - C) Expresión débil do antígeno na membrana da hemacia.
  - D) Non me fiaría dos resultados e pediría outra mostra.
66. Das seguintes afirmacións con respecto aos test de sífilis realizados aos doadores de sangue, cal é a correcta?
- A) As mostras para os tests non treponémicos inclúen RPR e o ensaio para hemaglutinación, *T. pallidum* (MHA-TP).
  - B) Os tests treponémicos teñen unha sensibilidade maior ca os tests non treponémicos.
  - C) Os tests non treponémicos teñen unha menor especificidade ca os tests treponémicos.
  - D) Os tests non treponémicos teñen unha sensibilidade maior ca os tests treponémicos.
67. Respecto da neutropenia neonatal aloinmune, sinala a resposta falsa:
- A) As especificidades máis frecuentes son anticorpos fronte a antígenos do sistema HNA-1 e HNA-2.
  - B) A presenza de anticorpos anti-HLA clase II é frecuente no soro materno e interfere nas técnicas de detección e identificación de anticorpos contra os neutrófilos.
  - C) O test de granuloaglutinación (GAT) é a técnica de elección para a detección de ac. anti-HNA3a.
  - D) A técnica de inmunofluorescencia indirecta para granulocitos (GIFT) permite diferenciar claramente os ac. anti-HNA2a.
68. Unha discrepancia nos resultados obtidos na titulación do FVIII entre o método coagulativo e cromoxénico podería indicar todas as seguintes posibilidades excepto:
- A) Un inhibidor do FVIII de alto título.
  - B) Un artefacto de laboratorio.
  - C) Un anticoagulante lúpico.
  - D) A presenza dunha variante de hemofilia.

69. Con respecto ao Real decreto lei 9/2014, é falso:
- A) Que regula as actividades relacionadas coa utilización de células e tecidos humanos e os produtos elaborados a partir deles cando están destinados a ser aplicados no ser humano.
  - B) Que as actividades reguladas inclúen a doazón, obtención, avaliación, procesamento, preservación, almacenamento, distribución, aplicación e investigación clínica.
  - C) Que se aplicará ás células reprodutoras en todo o non previsto na Lei 14/2006 sobre técnicas de reprodución asistida, e ás células e tecidos utilizados como enxertos autólogos dentro do mesmo proceso cirúrxico.
  - D) Que quedan excluídos do seu ámbito de aplicación os órganos ou partes de órganos se o seu fin é o de seren utilizados no corpo humano coa mesma función ca o órgano completo.
70. Tendo en conta os criterios de EDQM/Council Europe e respecto do transporte de compoñentes sanguíneos, sinala a resposta correcta:
- A) A temperatura aceptada para o transporte de concentrado de hemacias é entre 2 e 10 °C.
  - B) O tempo máximo recomendado para o transporte de concentrado de plaquetas sen axitación é 12 horas.
  - C) O transporte de granulocitos de aférese realízase a unha temperatura entre 20-24 °C e con axitación suave.
  - D) No transporte de concentrado de hemacias, o tempo máximo de tránsito recomendado é de 24 horas a unha temperatura non superior a 10 °C.
71. Para a captación de doadores son métodos eficaces, entre outros:
- A) Anuncios en televisión de cobertura nacional.
  - B) Anuncios en radio de cobertura nacional.
  - C) Campañas de correo directo e campañas telefónicas.
  - D) Todas as anteriores son correctas.
72. Un liña de investigación actual en terapia celular é a utilización de células estromais mesenquimais (MSC) en medicina rexenerativa e en transplante de proxenitores hematopoéticos. Sinala a afirmación correcta:
- A) As MSC máis utilizadas en programas de medicina rexenerativa son as procedentes de medula ósea e músculo esquelético.
  - B) As MSC expresan (> 95 %) os antíxenos CD105, CD 79a, CD45 e mostran adherencia ao plástico en condicións estándar de cultivo.
  - C) Na expansión das MSC para uso no transplante hematopoético empregouse soro bovino fetal, soro autólogo e lisado plaquetario.
  - D) As MSC inhiben a proliferación dos fibroblastos, co que evitan a fibrose.
73. En relación co diagnóstico diferencial das anemias macrocíticas, sinala a opción falsa:
- A) Debe descartarse a existencia dun trastorno madurativo da serie eritropoiética debido a un déficit de vitamina B12 e/ou ácido fólico.
  - B) Nas síndromes mielodisplásicas preséntase aproximadamente nun 25 % dos casos.
  - C) Pode presentarse nas anemias hemolíticas pola reticulocitose coexistente.
  - D) A hiperleucocitose pode provocar pseudomacrocitose.

74. En relación coas reaccións adversas relacionadas coa doazón de sangue total, sinale a resposta correcta:

- A) A inxestión de café pode diminuír a frecuencia das reaccións vasovagais.
- B) O tratamento con fármacos antihipertensivos é un factor que predispón para presentar unha reacción vasovagal.
- C) A lesión nerviosa secundaria ao dano local do nervio pola venopunción adoita ser duradeira e con escasas posibilidades de recuperación.
- D) Na reacción vasovagal a frecuencia cardíaca é elevada.

75. En relación coa selección e avaliación do doador, de acordo co Real decreto lei 9/2014, non é certo que:

- A) Deberá existir un informe no que se recolla o cumprimento dos requisitos especificados nesta lei que deberá estar asinado pola persoa responsable do procedemento de selección e avaliación do doador.
- B) A aplicación de criterios de selección e avaliación estará baseada na aplicación dunha análise da valoración dos riscos en relación co uso específico de cada tecido.
- C) Os resultados dos procedementos de selección e avaliación dos doadores quedarán adecuadamente documentados.
- D) En caso de doazóns de múltiples órganos, no caso de que sexan transplantados de forma non diferida, non é responsabilidade da unidade de obtención a existencia e mantemento da seroteca.

76. Cando prememos "Mostrar o escritorio":

- A) Distribúenos as ventás en sentido vertical, segundo a súa secuencia de activación.
- B) Distribúenos as ventás en sentido horizontal, segundo sexa a súa secuencia de activación.
- C) Organízanos as ventás superpostas.
- D) Minimízanos todas as ventás, deixando as iconas accesibles na barra de tarefas.

77. Bloquear é:

- A) Pechar a sesión do usuario actual.
- B) Función que realiza todas as funcións de apagado do ordenador e volve iniciar Windows 7.
- C) Función que bloquea o equipo, ou o que é o mesmo, que nos mostra a pantalla de benvida onde hai que introducir o contrasinal para poder seguir traballando co equipo.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

78. Respecto do impacto da boa xestión de recursos humanos, sinale a resposta falsa:

- A) Fomenta o compromiso e a satisfacción dos empregados.
- B) Non contribúe a reducir as baixas por enfermidade.
- C) Contribúe a reducir a rotación do persoal.
- D) Permite o desenvolvemento óptimo dos coñecementos dos empregados.

79. Ao final do período máximo de almacenamento das plaquetas en condicións óptimas, o pH aceptado é:
- A) 6,4-7,4 corrixido para T<sup>a</sup> de 22 °C.
  - B) 6,2-7 corrixido para T<sup>a</sup> de 22 °C.
  - C) 6,5-7,5 corrixido para T<sup>a</sup> de 22 °C.
  - D) 6,2-7,6 corrixido para T<sup>a</sup> de 22 °C.
80. Respecto do estudo na trombopenia fetal/neonatal aloimmune, sinale a resposta falsa:
- A) A aloimmunización materna está moi ligada á expresión do Ag. HLA clase II DRB3\*0101.
  - B) O estudo de anticorpos antiplaquetarios na nai non se realizará antes da semana 24 de xestación.
  - C) A técnica ELISA ou a súa modificación (MACE) é a máis sensible e específica para identificar a especificidade dos anticorpos anti-HPA.
  - D) A citometría de fluxo é un método moi sensible e pouco específico para a detección de anticorpos antiplaquetarios.
81. Cal das seguintes afirmacións é verdadeira?
- A) Os xenes do sistema ABO e Rh atópanse no cromosoma 9.
  - B) O anti-A e anti-B dos individuos do grupo B e A, respectivamente, son predominantemente IgM.
  - C) A reacción de campo mixta é típica da reacción entre anti-A con hemacias A2.
  - D) O soro dos individuos do fenotipo Bombai (Oh) producirá aglutinación coas hemacias do grupo O pero non coas hemacias do grupo A ou B.
82. Cal das seguintes opcións non forma parte do Explorador de Windows:
- A) Barra de ferramentas.
  - B) Panel de navegación.
  - C) Menú Inicio.
  - D) Lista de arquivos.
83. Os falsos positivos no test de Coombs poden ser debidos:
- A) Ao uso de mostras de sangue en tubo con EDTA.
  - B) A hemacias recubertas con IgA.
  - C) A hemacias recubertas con IgG.
  - D) A septicemia ou contaminación bacteriana das mostras almacenadas que supoñen unha activación dos linfocitos T.
84. No estudo dunha anemia hemolítica inmune mediada por fármacos, que afirmación é incorrecta?
- A) Se o mecanismo é por inmunocomplexos (espectador inocente) na proba antiglobulínica directa só se detecta C3d.
  - B) Se o fármaco implicado é penicilina, o eluído é reactivo só se as hemacias están pretratadas con penicilina.
  - C) Se o mecanismo é por inmunocomplexos, o eluído só será positivo se se forma inmunocomplexo co fármaco.
  - D) Se o fármaco implicado é fludarabina, o eluído é positivo.

85. Sinale a resposta verdadeira respecto de principios do procesamento de compoñentes sanguíneos segundo as recomendacións EDQM/Council of Europe:

- A) Se a duración da doazón de sangue é de máis de 12 minutos, non se usará para a preparación de plaquetas.
- B) Se a duración da doazón de sangue é de máis de 20 minutos, o plasma non se usará para a transfusión directa ou para a preparación de factores de coagulación.
- C) A temperatura óptima de centrifugación de sangue total é inferior ou igual a 20 °C.
- D) As unidades de sangue total destinadas á preparación de plaquetas almacénanse a unha temperatura entre 10-20 °C.

86. O estudo dunha paciente con enfermidade de Von Willebrand (EVW) presenta os seguintes resultados: tempo de hemorraxia e PFA-100 elevado, factores VIII:C, FvW:Ag, FvW:RCo, FvW:CB e FvW:FVIIIIB normais, RIPA elevado e multímeros do FvW de alto peso molecular diminuídos. Sinale o tipo/subtipo de EVW que presenta a paciente:

- A) Tipo 2 B.
- B) Tipo 2 A.
- C) Tipo 3.
- D) Tipo 2 M.

87. Un neonato de menos de 4 meses debería de recibir sangue en todos os seguintes supostos excepto en:

- A) Hemoglobina menor de 7 g/dl con reticulocitos baixos e síntomas de anemia.
- B) Hemoglobina menor de 15 g/dl con requirimentos de osíxeno a unha concentración maior ou igual do 35 %, necesidade de ventilación con presión de aire superior a 6 cm H<sub>2</sub>O.
- C) Hemoglobina menor de 15 g/dl con cardiopatía cianótica conxénita ou oxixenación con membrana extracorpórea.
- D) Neonato de moi baixo peso (1500 g) estable con hemoglobina menor de 10 g/dl ás 24 horas do nacemento.

88. Coa finalidade de ofertar servizos de alta calidade, a asistencia sanitaria deberá reunir, entre outras, as seguintes características:

- A) Eficaz, eficiente e segura.
- B) Adecuada á demanda e dispoñible.
- C) Accesible e ter unha continuidade temporal e espacial.
- D) Todas son correctas.

89. Segundo os estándares de calidade vixentes, o intervalo entre as doazóns de plaquetas, granulocitos e leucocitos será:

- A) Mínimo de 2 semanas.
- B) En casos especiais, e baixo criterio médico, este intervalo pode reducirse ata un mínimo de 2 días.
- C) Non se poden realizar máis de 24 procesos ao ano.
- D) Todas son correctas.

90. Unha muller de 30 anos, doadora de plaquetas de aférese, preto do final do proceso refire que sente leves formigos nos dedos das mans e náuseas, e vomita poucos minutos despois. Seguidamente di que nota unha diminución da sensibilidade nas mans. A causa máis probable dos devanditos síntomas é:

- A) Hipotensión causada por unha reacción vasovagal.
- B) Hipotensión causada por hipovolemia, debido ao volume de sangue que está en circuíto extracorpóreo.
- C) Hipocalcemia debida ao uso de ACD-A durante o procedemento.
- D) Os síntomas mecánicos e sensitivos son debidos á postura mantida durante o proceso de aférese.

91. Sinale que anticorpo non se asocia á enfermidade hemolítica fetal/neonato (EHFRN):

- A) Anti-P1.
- B) Anti-S.
- C) Anti-M.
- D) Anti-Jka.

92. En relación cos doadores sometidos a plasmaférese e de acordo cos estándares de calidade vixentes, non admitiremos:

- A) A realización dunha sesión de plasmaférese a un mesmo doador cada 2 semanas.
- B) En circunstancias excepcionais, e sempre baixo criterio médico, o tempo transcorrido entre 2 sesións de plasmaférese poderá acurtarse se o volume extraído non supera os 16 000 ml anuais.
- C) En circunstancias excepcionais, e sempre baixo criterio médico, o tempo transcorrido entre 2 sesións de plasmaférese poderá acurtarse se o volume extraído non supera os 600 ml (en ausencia de reposición).
- D) En circunstancias excepcionais, e sempre baixo criterio médico, o tempo transcorrido entre 2 sesións de plasmaférese poderá acurtarse se o volume extraído non supera os 1000 ml á semana.

93. Respecto das complicacións relacionadas coa transfusión de compoñentes sanguíneos, sinale a resposta correcta:

- A) A alcalose metabólica que se pode presentar nunha transfusión masiva adoita ser clinicamente significativa.
- B) A enfermidade enxerto contra hóspede asociada á transfusión adoita iniciarse 30 días despois da transfusión.
- C) O tratamento de primeira elección da hemosiderose secundaria á transfusión, nun paciente que fose sometido a transplante de proxenitores hematopoéticos, é a sangría terapéutica.
- D) En España, a probabilidade de transmisión por transfusión do VHC é máis elevada ca para o VHB.

94. Indique a resposta correcta sobre o firewall de Windows:

- A) É unha devasa.
- B) Para a localización de firewall de Windows hai que seguir os pasos Inicio>Panel de control>Sistema e seguridade>Windows update.
- C) O firewall non se pode desactivar.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

95. Nun modelo de xestión de calidade baseado en procesos, que metodoloxía se podería aplicar de maneira xeral?

- A) Planificar.
- B) Facer e verificar.
- C) Actuar.
- D) Todas as anteriores son correctas.

96. Un home de 65 anos é traído a urxencias pola súa familia por confusión e letarxia xunto cunha dor intensa na zona lumbar. Os estudos radiolóxicos mostran unha lesión compresión vertebral na zona de L4, así como múltiples lesións líticas. No s. transfusión recíbese unha solicitude de reserva preoperatoria e nos estudos pretransfusionais obxectívase discrepancia hemático-sérica (anti-A 4+, anti-B 2+, anti-AB 4+, células A1 2+, células B 4+). Que técnica empregaría para resolver esta discrepancia?

- A) Absorción e elucións diferenciais para diferenciar os aloanticorpos.
- B) Quentaría as mostras do paciente e repetiría o grupo ABO.
- C) Trataría as células con encimas para eliminar aloanticorpos que están a interferir na determinación do grupo ABO.
- D) Realizaría a técnica de substitución por solución salina para descartar aloanticorpos.

97. Cal dos seguintes fenotipos poden desenvolver anticorpos con especificidade anti-Lea e anti-Leb:

- A) Lea+, Leb-
- B) Lea-, Leb+
- C) Lea-, Leb-
- D) Lea+, Leb+

98. Os doadores de sangue son sometidos a test de screening de sífilis. Cal das seguintes afirmacións con respecto á sífilis e á transfusión podemos considerar correcta?

- A) A sífilis debida á transfusión preséntase como unha infección aguda e sífilis secundaria fulminante.
- B) *T. pallidum* é estable a 4 °C e ademais é transmitida polas hemacias.
- C) *T. pallidum* prefere un ambiente rico en osíxeno e transmítese facilmente nos pooles de plaquetas.
- D) Informouse de numerosos casos de sífilis en relación coa transfusión desde 1990.

99. Son indicadores de rendemento para avaliar a xestión dos recursos humanos todos os seguintes excepto:

- A) Nivel de formación de todos os traballadores.
- B) Cociente entre horas de traballo produtivo do equipo de doadores e total de horas pagadas dos equipos de doadores.
- C) Rotación do persoal.
- D) Cociente entre o número de unidades de sangue total recollido nunha sesión determinada e número de unidades de sangue total recollido na mesma semana no mesmo local.

**100.** Sobre a promoción da doazón e de acordo co establecido no Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro, polo que se establecen normas e especificacións relativas ao sistema de calidade dos centros e servizos de transfusión, indique a resposta correcta:

- A) O centro de transfusión dispoñerá dun plan de actividades de promoción da doazón.
- B) O devandito plan debe estar suxeito a un control de avaliación periódico, que medirá a súa eficacia.
- C) Os ficheiros de convocatoria dos doadores estarán protexidos para preservar a súa integridade, conforme o establecido na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.
- D) Todas as anteriores son correctas.

**101.** A esferocitose hereditaria non se produce como consecuencia de defectos na proteína:

- A) Ankirina.
- B) Banda 3.
- C) Tropomiosina.
- D) Espectrina.

**102.** De acordo co establecido na norma ISO de xestión de calidade, indique a resposta correcta:

- A) A adopción dun sistema de xestión da calidade é unha decisión estratéxica para unha organización.
- B) Esta norma internacional pode ser utilizada por partes internas e externas.
- C) Esta norma promove a adopción dun enfoque baseado en procesos.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**103.** En relación coas anemias diseritropoiéticas conxénitas (ADC), cal das seguintes afirmacións é falsa?

- A) A máis frecuente é a anemia sideroblástica conxénita.
- B) O test de Ham é negativo en todos os tipos de ADC.
- C) No diagnóstico diferencial inclúense procesos con diseritropoiese adquirida.
- D) A sobrecarga férrica é unha complicación das ADC excepto na tipo III.

**104.** Cal dos seguintes procesos de obtención de compoñentes sanguíneos é correcto?

- A) Para preparar plasma fresco conxelado, debe ser separado das hemacias non antes das 24 horas desde a súa extracción.
- B) A adición dunha solución aditiva permite que os concentrados de hemacias teñan unha caducidade de 42 días desde a súa extracción se son almacenados a unha T<sup>a</sup> de 2-6 °C.
- C) Unha unidade de plaquetas obtidas dunha doazón de sangue total ten un contido mínimo de 2,5 x 10<sup>9</sup> plaquetas.
- D) A caducidade dos concentrados de hemacias conxelados e almacenados a ≤ 65 °C é de 5 anos.

**105.** De acordo co Real decreto 1343/2007, en relación coas normas e especificacións do sistema de calidade dos servizos de transfusión, considerariamos erróneo:

- A)** En caso de utilización de sistemas informatizados, os programas, o equipo e os procedementos de obtención de copias de seguridade deberán comprobarse periodicamente.
- B)** O persoal recibirá formación e asesoramento para o exercicio competente das súas tarefas.
- C)** Os compoñentes autólogos conservaranse de forma clara e inequívoca e os compoñentes “non conformes” deberán ser refugados, non se conservarán e eliminaranse.
- D)** A documentación e os rexistros dos servizos de transfusión serán lexibles e poderán estar escritos á man, ser transferidos a outro medio ou documentados nun sistema informático.

**106.** Sinale a resposta falsa respecto das probas analíticas que se realizan para a detección de enfermidades infecciosas na doazón e na unidade de sangue de cordón umbilical segundo criterios NetCord-FACT International Standards:

- A)** As mostras da nai serán obtidas, como mínimo, 15 días antes do parto ou nos 7 días posteriores a este.
- B)** As mostras maternas con seroloxía anti-Hbc positivas e Ag Hbs negativo poden ser aceptadas se o VHB é negativo con técnica amplificación xenómica (DNA).
- C)** Nas unidades de cordón umbilical de doazón dirixida, acéptanse cultivos microbiolóxicos positivos se consta a identificación do xerme e a súa sensibilidade.
- D)** Nas unidades de cordón umbilical para uso non emparentado, os cultivos microbiolóxicos para aerobios, anaerobios e fungos serán negativos.

**107.** Unha proba cruzada en fase antiglobulina incompatible con escrutinio de anticorpos irregulares negativos pode ser debido ás seguintes causas excepto:

- A)** Test de Coombs directo positivo en hemacias do doador.
- B)** Anticorpo contra un antíxeno de baixa incidencia nas hemacias do doador.
- C)** Presenza de anti-A ou anti-B adquirido de forma pasiva.
- D)** Presenza dun autoanticorpo adquirido de forma pasiva (por exemplo, inmunoglobulinas).

**108.** De acordo cos criterios recollidos en CAT, a realización da proba cruzada electrónica (proba de compatibilidade electrónica) nun servizo de transfusión require as seguintes condicións excepto:

- A)** Realizaránselle dúas determinacións do grupo ABO ao receptor.
- B)** Realizaránselle dúas determinacións do grupo ABO ao compoñente sanguíneo que se vai transfundir.
- C)** As probas ao receptor de tipaxe ABO/Rh(D) e escrutinio de anticorpos irregulares eritrocitarios realizaranse de forma automatizada.
- D)** O sistema impedirá a asignación e saída dun compoñente sanguíneo ABO incompatible.

**109.** Cal dos seguintes anticorpos produce unha reacción moi positiva con hemacias do grupo O e A2 e reaccións con positividade débiles coas hemacias do grupo A1 e A1B?

- A) Anti-Lea.
- B) Anti-A1.
- C) Anti-A.
- D) Anti-H.

**110.** Sinale a resposta falsa respecto dos requisitos requiridos nos controis de calidade dos seguintes compoñentes sanguíneos:

- A) Hemacias lavadas, concentración de hemoglobina maior ou igual a 40 g/U.
- B) Hemacias criopreservadas, concentración de hemoglobina sobrenadante inferior a 0,2 g/U.
- C) Plaquetas de aféreses, volume superior a 40 ml/plaquetas  $0,6 \times 10^{11}$ .
- D) Hemacias en solución aditiva, un volume de  $280 \pm 50$  ml.